

## PROGRAMA PRINCIPIA (Año 2016)

### AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

No Diario Oficial de Galicia do día 15 de xuño de 2016 publicouse a resolución do 2 de xuño pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o fomento da contratación de persoal técnico para a realización de actividades de i+d+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia ([Programa Principia](#))

#### ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

Serán actividades subvencionables a contratación de persoas técnicas durante un período mínimo dun ano para a realización de actividades de I+D+I. Estas actividades estarán aliñadas cos retos e as prioridades estratéxicas establecidas na RIS3 para Galicia.

#### REQUISITOS DO PERSOAL A CONTRATAR

Os candidatos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ser menor de 35 anos no momento da contratación.
- Estar en posesión dun Título Medio ou Superior (titulación de grao): Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto, Graduado, Diplomado, enxeñeiro Técnico ou Arquitecto Técnico.
- Non ter experiencia laboral superior a 12 meses na categoría profesional correspondente á súa titulación.
- Non ter sido contratado, baixo calquera modalidade, ao longo do ano 2016 pola Universidade de Santiago de Compostela.

Segundo os prazos establecidos pola Axencia Galega de Innovación **previsiblemente a convocatoria resólvese no mes de setembro**. Será a partir dese momento cando se poderán formalizar os contratos.

#### DATOS DE INTERESE DOS CONTRATOS

O **custo mínimo anual** por cada persoa contratada, incluídos os custos salariais e seguridade social a cargo da empresa, **será de 24.000 euros**.

<b>CUSTO DO CONTRATO ANUAL</b> (incluída a Seguridade S. a cargo da empresa).....	<b>24.000,00 €</b>
RETRIBUCIÓN BRUTA MINIMA MENSUAL:.....	1.322,50 €
Nº DE PAGAS.....	14
<b>INCENTIVO A PERCIBIR POR CADA CONTRATO</b> .....	<b>10.000,00 €</b>

#### IMPORTE POR CONTRATO E ANO A COFINANCIAR POLOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

Custos Salariais e seguridade Social a cargo da empresa.....	14.000 €
Importe da Indemnización.....	610 €
<b>TOTAL COFINANCIAMENTO</b> .....	<b>14.610 €</b>

#### PROCEDIMENTO PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES POR PARTE DOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

A presentación de solicitudes será realizada polo representante legal da Universidade. **Para determinar os perfís que se van a incluír os grupos de investigación achegarán, antes das 14 horas do día 6 de xullo, á dirección de correo electrónico: [recursoshumanos.programas@usc.es](mailto:recursoshumanos.programas@usc.es) a seguinte documentación:**

- Informe xustificativo da contratación, asinado polo Coordinador do grupo de investigación.
  - *Atendendo a requirimentos da Convocatoria, no referido informe deberá engadirse en folio independente **(ANEXO III)** os seguintes datos:*
    - *Titulación que se vai requirir (Titulado/a, Doutor...)*
    - *Experiencia profesional previa requirida da persoa a contratar (Debe considerarse que os candidatos non poden ter experiencia laboral superior a 12 meses na categoría profesional correspondente á súa titulación, e que unha experiencia menor puntúa inversamente á súa duración)*
    - *Número de horas (estimativo) do Plan de Formación que recibirá o candidato.*
    - *Coherencia das actividades coa RIS 3. Deberase indicar o reto coa que se aliñarán as actividades de I+D+I da persoa contratada.*
  - Na circunstancia de que se dispoña xa de un candidato/a idóneo/a no entorno do Grupo, deberá especificarse o xénero e, de ser o caso, si se vai a valorar ou determinar a circunstancia de que o candidato/a teña discapacidade >33%*
- Memoria das actividades de I+D+I nas que participará o candidato. Deberá incluírse un apartado facendo referencia ao Plan de Formación que recibirá o candidato **(ANEXO II)**.
- Compromiso de Cofinanciamento do Contrato incluíndo a partida orzamentaria que asumirá o custo **(ANEXO I)**.

### CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN

A convocatoria establece un máximo de 10 solicitudes por Institución/Entidade solicitante, razón pola que a Vicerreitoría de Investigación e Innovación establecerá os seguintes criterios de prioridade para definir a oferta de prazas da USC:

- Nº de puntos de produción científica (2013-2015) do Grupo que presenta a proposta<sup>1</sup>
- Nº de Investigadores predoutorais adscritos ao Grupo que avala a proposta (priorizarase a carencia de predoutorais actualmente financiados por Programas de Recursos Humanos e aqueles perfís asociados coa formación predoutoral no marco dun programa da USC)
- Valorarase o aval dunha unidade de investigación (Centro ou Instituto) con Contrato Programa vixente co Vicerreitorado

A Vicerreitoría resérvase a opción de propoñer algún dos contratos por razóns de interese institucional debidamente xustificadas.

<sup>1</sup> Os puntos adxudicados por Producción Científica serán ponderados respecto do tamaño do Grupo e dos valores medios de produción por Gran Área de Coñecemento

## DATOS DE INTERESE

Para pedir información da convocatoria ou para resolver incidencias derivadas da mesma pode poñerse en contacto con:

### Información da convocatoria

USC-Oficina de Investigación e Tecnoloxía: 16215/16218, [recursoshumanos.programas@usc.es](mailto:recursoshumanos.programas@usc.es)

GAIN-Axencia Galega de Innovación: 981 957008/981957393. [servizos.gain@xunta.es](mailto:servizos.gain@xunta.es)

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2016  
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación